



ESTUDO DE POSIBLES CASOS ORFOS

DEFINICIÓNS

Caso confirmado con infección activa (incidente): Persoa con síntomas de caso sospeitoso cunha PCR positiva ou cun resultado positivo a IgM ou IgA por unha técnica serolóxica de alto rendemento (non por un test rápido); ou persoa asintomática con PCR positiva e IgG negativa ou non realizada.

Caso confirmado con infección resolta (prevalente): Persoa asintomática con IgG positiva, con independencia do resultado de outras probas microbiolóxicas.

Posible caso orfo: caso confirmado con infección activa no que non se completou o estudo epidemiolóxico da súa contorna para identificar a súa fonte de infección. Os posibles casos orfos teñen que ser casos autóctonos.

Caso orfo: caso confirmado con infección activa sen fonte de infección coñecida tras un estudo epidemiolóxico da súa contorna. Os casos orfos teñen que ser casos autóctonos.

Fonte de infección: persoa que estivo en contacto co posible caso orfo nos 14 días previos ao inicio de síntomas deste, á que se lle presupón capacidade de transmitir o SARS-CoV-2 nese período de tempo.

Contacto estreito: toda persoa que, dende 2 días antes de que o caso comezase cos síntomas e ata que remate o illamento, estivo con el sen a protección axeitada a menos de 2 metros durante, polo menos, 15 minutos. En xeral, considérase contacto estreito a toda persoa que convive co caso sospeitoso ou coida del.

Nun avión, tren u outro medio de transporte de longo recorrido (e sempre que sexa posible identificar aos viaxeiros): os pasaxeiros situados nun radio de dous asentos arredor do caso e a tripulación ou persoal equivalente que tivese contacto co caso.

Nos casos asintomáticos, o prazo para definir contactos comeza dous días antes da data da toma de mostra coa que se confirmou o caso asintomático.

ESTUDO DE POSIBLES CASOS ORFOS

Previo ao estudo dos posibles casos orfos, no caso de casos asintomáticos confirmados por PCR deberá verificarse a ausencia de síntomas recentes compatibles con COVID-19 (ausencia de síntomas durante 14 días antes da data da toma da mostra). No caso de identificar presenza de síntomas, procederase como calquera outro caso sintomático e PCR positiva. No resto dos casos, deberá solicitarse a realización dunha seroloxía por ELISA, ou outra técnica serolóxica de alto rendemento, que permita catalogar a este caso como prevalente (IgG positiva) ou incidente (IgG negativa). O estudo de posible caso orfo realizarase só nos casos incidentes.

Iniciarase o estudo de posibles casos orfos coa realización da enquisa epidemiolóxica do caso confirmado, podendo establecerse a fonte de infección cando:

- O posible caso orfo conste no repositorio de contactos dalgún caso confirmado, sendo identificado este caso confirmado como a súa fonte de infección.
- Durante a enquisa epidemiolóxica o posible caso orfo refira ser contacto dun caso confirmado, sendo identificado este caso confirmado como a súa fonte de infección unha vez se verifique esta información.

No resto de situacións nas que non se logra identificar unha fonte de infección, deberá realizarse un estudo epidemiolóxico da contorna do posible caso orfo.

Este estudo, incluirá a todas aquelas persoas das que o posible caso orfo puido ser contacto estreito nos 14 días previos ao seu inicio de síntomas, identificando así a todas as posibles fontes de infección. Estas persoas deberán ser enquisadas e valoradas polas XTT de Sanidade, para así elaborar unha listaxe na que serán catalogadas en función da probabilidade de ser a fonte de infección do posible caso orfo. Para isto, deberase:

- Verificar que o posible caso orfo foi contacto estreito da posible fonte de infección.
- Comprobar se existen resultados de laboratorio compatibles cunha infección polo SARS-CoV-2.



- Valorar a presenza de síntomas, actuais ou pasados, compatibles coa COVID-19.

Tras esta valoración poderase identificar como fonte infección do posible caso orfo a aquela persoa da que foi contacto estreito e ten un resultado de laboratorio que confirme a presenza de infección presente ou pasada do SARS-CoV-2, sempre e cando coincidan temporalmente o período de transmisibilidade da infección da persoa identificada como fonte de infección e o período de incubación do posible caso orfo.

No resto de situacións, precisarase realizar probas de laboratorio que permitan identificar que persoa foi a fonte de infección do posible caso orfo. Estas probas realizaranse comezando por aquelas persoas con maior probabilidade de ser a fonte de infección:

1. Persoas que actualmente presentan síntomas compatibles coa COVID-19 → PCR
2. Persoas actualmente asintomáticas que tiveron síntomas compatibles coa COVID-19 nos últimos 7 días → PCR. Se o resultado é negativo, poderá realizarse un ELISA (IgM e IgG)
3. Persoas actualmente asintomáticas que tiveron síntomas compatibles coa COVID-19 fai máis de 7 días, pero nos 14 días previos ao inicio de síntomas do posible caso orfo → PCR + ELISA (IgM e IgG)
4. Persoas que non tiveron síntomas compatibles coa COVID-19 nos 14 días previos ao inicio de síntomas do caso confirmado, pero tiveron un contacto estreito co caso → ELISA (IgM e IgG)

Cando tras esta busca activa de posibles fontes de infección non se logre identificar a ningunha, poderá ampliarse a realización de probas de laboratorio a aquelas persoas coas que o posible caso orfo tivo algún tipo de contacto que non fose estreito:

5. Persoas que actualmente presentan síntomas compatibles coa COVID-19 → PCR
6. Persoas actualmente asintomáticas que tiveron síntomas compatibles coa COVID-19 nos últimos 7 días → PCR. Se o resultado é negativo, poderá realizarse un ELISA (IgM e IgG)
7. Persoas actualmente asintomáticas que tiveron síntomas compatibles coa COVID-19 fai máis de 7 días, pero nos 14 días previos ao inicio de síntomas do posible caso orfo → PCR + ELISA (IgM e IgG)

Se en ningunha destas circunstancias se logra identificar unha posible fonte de infección, será cando se dea por establecido que o caso confirmado é un caso orfo sen vencello epidemiolóxico.

Tanto dos casos orfos como dos posibles casos orfos non que se identificou unha fonte de infección, farase un pequeno informe. Se o caso é orfo, o informe consistirá nun breve resumo da investigación desenvolvida e os problemas que atopou. Se ao caso atopouse a fonte de infección, deberá dar resposta ás preguntas seguintes:

- se a fonte de infección era un caso xa coñecido, por que o posible caso orfo non estaba na listaxe dos contactos estritos da fonte de infección; e,
- se a fonte de infección non era un caso coñecido, por que motivo non se chegou a saber del:
 - nunca tivo síntomas suxestivos de COVID-19?
 - Tívoos pero non consultou cun médico?
 - Consultou pero non lle pediron a proba?
 - Pedíronlle a proba pero non acudiu a que lle tomasen a mostra?
 - Fixo a PCR pero o resultado foi negativo?
 - O resultado foi positivo pero non se notificou o caso?